

XVIII CONCURSO DE ESCAPARATES, FIESTRAS E BALCÓNS DE NADAL 2024

O Concello de Santa Comba organiza e convoca o XVIII Concurso de Decoración de Nadal coa colaboración da Asociación de Empresarios, co obxectivo de fomentar a ornamentación e embelecemento do noso Concello durante o Nadal 2024-2025, facendo partícipes da imaxe de Santa Comba a empresas e veciños.

1.- Participantes: Poderán participar tódolos establecementos ubicados no Concello de Santa Comba, así como tódolos veciños do Concello.

2.- Inscripción: A participación en dito concurso é totalmente gratuíta, debendo de inscribirse nos seguintes contactos da Asociación de Empresarios de Santa Comba, en horario de 9:30 a 13:30 e de 16:00 a 20:00h. nos teléfonos 981 818 604 e 633 181 817, na súa sede na Rúa Pontevedra nº 9 entrechán; ou no contacto do Concello de Santa Comba, 663 728 968 (Museo Terra do Xallas).

3.- Prazo de inscrición. Estará aberto dende as 10:00h. do día seguinte ao da publicación destas bases ata as 13:00h. do día 20 de decembro do 2024.

Os particulares deberán enviar 2 fotografías do decorado obxecto do concurso vía whatsapp ao número **633181817**.

4.- Xurado: Estará composto por tres profesionais da decoración designados pola organización. O xurado valorará as decoracións participantes dentro do prazo de concurso, con obxectividade e seguindo os criterios establecidos.

5.- Categorias: Establécense dúas categorías diferenciadas para o concurso:

Particulares: Poderán participar dentro desta categoría vivendas unifamiliares, tanto casas como pisos. Para o concurso valorarase unicamente a decoración visible desde a vía pública (entradas, fiestras, balcóns, xardíns, árbores de nadal, etc.).

Establecementos: Poderán participar dentro desta categoría tódolos establecementos empresariais. Valorarase a decoración para o concurso as zonas visibles para o público en xeral.

6.- Valoracións:

Datas: As decoracións obxecto do concurso serán examinadas polo xurado entre o luns 23 e o venres 27 de decembro, e deberán de permanecer expostas desde o 15 de decembro de 2024 ata o 7 de xaneiro de 2025.

Xurado: Profesional que se designará no seu momento.

Aspectos a valorar:

A- Terase en conta a decoración con temática de Nadal.

B- O escaparate do sector empresarial deberá ter relación co produto que vende.

C- Terase en conta o traballo manual de cada un dos participantes, valorarase positivamente tódolos elementos feitos a man.

D-A orixinalidade e iluminación serán outros dos aspectos a ter en conta así como a innovación e a integración no espazo.

E- Valorarase a non repetición de elementos decorativos doutros anos.

7.- Premios por categorías: Os premios serán concedidos polo xurado.

Establecementos: Un total de 800€ en vales de compra en establecementos comerciais radicados no municipio, distribuídos da seguinte forma:

1º Premio, 300€ en vales de compra.

2º Premio, 250€ en vales de compra.

3º Premio, 150€ en vales de compra.

4º Premio, 100€ en vales de compra.

Particulares: Un total de 400€ en vales de compra en establecementos comerciais radicados no municipio, distribuídos da seguinte forma:

1º Premio, 200€ en vales de compra.

2º Premio, 125€ en vales de compra.

3º Premio, 75€ en vales de compra.

*O resto de participantes recibirá un agasallo conmemorativo por parte da Asociación de Empresarios de Santa Comba.

8.- Entrega de premios: Realizarase, nunha data por definir conxuntamente coa Asociación de Empresarios e Concello de Santa Comba, na Casa do Pozo ou no Edificio Multiusos, preferentemente.

9.-Prazo de canxeo dos premios: Os vales de premios deberanse canxearse no Comercio Local, como moi tarde, nos 30 días posteriores á data da acta da entrega de premios. E os establecementos comerciais deberán facturar o canxe do vale de compra nos 30 días posteriores á realización do canxe.

10 –Aceptación das bases: A participación neste concurso implica a aceptación destas bases.

En Santa Comba, ano 2024, na data xerada automaticamente polos metados dixitais xerados asociados ao documento.

Polo Concello de Santa Comba

O Alcalde
Alberto Romar Landeira

Pola Asociación de Empresarios

O Presidente
Diego Vilas Boga